



OURENSE, TRES DE MAIO DE DOUS MIL VINTECATRO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 30-2024 / TEMPADA 2023-24

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA CADETE

Equipos participantes: CM FERROL - CW SANTIAGO

Día, hora e lugar: Javier Gómez Noya; 21/4/24; 17:00

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 23/4/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

No minuto 04:58 do terceiro período expúlsase da grada a D. Victor Lázaro Guerrero (n.º lic. 1005819) por dar indicacións aos xogadores sen estar autorizado para elo.

FEITO SEGUNDO: O día 30 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada.

Así mesmo, o mesmo adestrador, previamente e con carácter firme, fóronlle impostas sancións por feitos similares nos expedientes sancionadores nº 21/24 e 22/24, no que os árbitros eran distintos. Para a presente resolución, non se tivo en conta a acta/expediente 24/24 por non dispor de resolución expresa no momento de cometerse os feitos típicos que motivaron e motivan a presente.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7.2 epígrafe "A": *A lixeira incorrección no comportamento en probas ou período de concentración dos equipos galegos.*

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO: Estipula o artigo 12 que considerarase, en todo caso, como circunstancia agravante da responsabilidade deportiva, a reincidencia. Existirá reincidencia cando o autor fose sancionado anteriormente por calquera infracción á disciplina deportiva de igual ou maior gravidade, ou por dúas infraccións ou máis de inferior gravidade de que nese suposto se trate.

RESOLUCIÓN

Impor a *D. V.G. Lázaro Guerrero*, con número de licenza 1005819, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN LEVE, computada na súa metade, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR TRES ENCONTROS DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente